

NOVEMBRO 2014 MAIO 2015 SEMINARIOS HISTAGRA



histagra@usc.es

Depto. de Historia Contemporánea e de América
Facultade de Xeografía e Historia. Praza da Universidade
15782 Santiago de Compostela

Financiado con:

O Grupo de Investigación HISTAGRA (Historia Agraria e Política de Galicia. Séculos XIX e XX) presenta o resumo de Seminarios de Investigación do curso 2014-2015.

Os Seminarios de HISTAGRA son un punto de encontro para o debate colectivo entre estudantes, investigadores, especialistas, e en xeral, todas aquelas persoas interesadas nas liñas de investigación do noso Grupo <http://histagra.usc.es/es/info/sabermas/> e no traballo dos investigadores/as que convidamos a presentar proxectos en curso e novos resultados de investigación.

<http://histagra.usc.es/es/info/sabermas/>

RELATORES



Entre a Arcadia e a Barbarie: sobre a imaxinación
política do campo na ficción dos anos 40

Alejandro Alonso
(CUNY, USA)

Facultade de Historia, Aula Máster de Historia Contemporánea
Venres 7 de novembro de 2014 ás 12:00

SEMINARIOS HISTAGRA 2014-2015



Relator: Alejandro Alonso
(CUNY, USA)

Título: Entre a Arcadia e a
Barbarie: sobre a imaxinación
política do campo na ficción
dos anos 40

Día: 07 de novembro de 2014

Hora: 12 da mañá

Lugar: Aula de Máster do
Departamento de Historia
Contemporánea e América

Resumo do relatorio:

A conferencia que se
presentou está baseada na
investigación que o profesor
Alejandro Alonso ven
desenvolvendo desde anos
atrás como profesor e
investigador no The Graduate
Center da CUNY, USA.

Alejandro Alonso (Vigo, 1970) é profesor no The Graduate Center, CUNY de Nova York. Está especializado na historia intelectual do s. XIX e no modernismo en literatura. Na actualidade está a investigar sobre as diferentes facetas do rexionalismo, o nacionalismo e a literatura nas novelas españolas. Tamén traballa nun proxecto sobre a construción de institucións literarias españolas durante o período modernista

PARA ESCOITAR O RELATORIO: http://www.ivoox.com/entre-a-arcadia-e-a-barbarie-sobre-a-audios-mp3_rf_3753734_1.html

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional



De Franco a Naranjito. Fútbol e identidades
nacionales durante la transición

Alejandro Quiroga
(Newcastle University, Reino Unido)

Facultade de Historia, Aula 14 da Facultade de Historia
Venres 5 de decembro de 2014 ás 12:30

SEMINARIOS HISTAGRA 2014-2015



Relatores: Alejandro
Quiroga (Newcastle
University, Reino
Unido)

Título: De Franco a
Naranjito. Fútbol e
identidades nacionales
durante la transición

Día: 05 de decembro
de 2014

Hora: 12 da mañá

Lugar: Aula 14 da
Facultade de Historia

Resumo do relatorio:

Nesta conferencia, baseada no traballo *Goles y banderas. Fútbol e identidades nacionales en España* pretendeuse amosar o uso do fútbol para producir, moldear e promover identidades nacionais en España durante a transición dos anos setenta, estudando como se teñen fomentado distintos relatos e estereotipos nacionais españois, cataláns e vascos, a través do fútbol.

Alejandro Quiroga (Madrid, 1972) é profesor de Historia de España na Newcastle University do Reino Unido e investigador Ramón y Cajal na Universidad de Alcalá de Henares. Os seus traballos céntranse no estudo dos nacionalismos e as identidades nacionais na España do XX e XXI. Forma parte de varios equipos de investigación onde a temática é o estudo do nacionalismo. A súa publicación máis recente é: *Goles y banderas. Fútbol e identidades nacionales en España* (Madrid: Marcial Pons, 2014).

PARA ESCOITAR O RELATORIO: http://www.ivoox.com/de-franco-a-naranjito-futbol-e-identidades-nacionales-audios-mp3_rf_3837735_1.html

Financiado con:





Relator: Edouard
Lynch (U. de Lyon)

Título: A cámara nos
campo: os arquivos
audiovisuais da
historia rural do
século XX en Francia

Día: 23 de xaneiro de
2015

Hora: 12 da mañá

Lugar: Aula de
Máster do
Departamento de
Historia
Contemporánea e
América

Resumo do relatorio:

A conferencia comezará coa presentación do estado da historiografía rural do s. XX. Si o historiador desta centuria dispuxo de fontes moi ricas (escritas e orais), agora podemos utilizar documentos que durante moito tempo permaneceron en difícil acceso como son as fontes audiovisuais. O que pretendemos é amosar unha serie de exemplos para mostrar como estes rexistros veñen a alimentar o traballo do historiador, sobre todo cando se xeneralizan, na segunda metade de século. A diversidade de institucións tamén coincide coa diversidade de tipos de documentos: longametraxes, documentais, películas institucionais, educativas ou científicas onde activistas ou afeccionados amosan problemas específicos de análise e uso para a investigación.

Edouard Lynch é profesor de historia contemporánea na Universidade Lumière Lyon 2 e membro do Laboratorio de Estudos Rurais (EA-3727). A súa investigación céntrase na historia política e sindical do campesiñado francés contemporáneo, sobre todo baixo o ángulo das representacións. O seu HDR (2012) estuda as mobilizacións agrarias de 1907 até ás loitas de 1970.

PARA ESCOITAR O RELATORIO: http://www.ivoox.com/a-camara-no-campo-os-arquivos-audiovisuais-da-audios-mp3_rf_4421826_1.html

Financiado con:




SEMINARIOS HISTAGRA 2014-2015



¿Por qué solidaritat catalana se presenta a las elecciones generales de 1907?

Pedro Lago Peñas

Facultade de Historia, Aula de máster do Departamento de Historia Contemporánea e América. Facultade de Historia
Venres 27 de marzo de 2015 ás 12:00

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA
Fundo Europeo de Desenvolvimento Regional

Relator: Pedro Lago Peñas

Resumo do relatorio:

Título: ¿Por qué *solidaritat catalana* se presenta a las elecciones generales de 1907?

Día: 27 de marzo de 2015

Hora: 12 h.

Lugar: Aula de Máster do Departamento de Historia Contemporánea e América

Reflexión do proceso electoral de 1907 onde, por vez primeira, Solidaritat Catalana se presenta ás eleccións xerais convocadas polo goberno da Restauración presidido por Antonio Maura. Estas eleccións foron as últimas que se celebraron baixo a Lei electoral de 1890, que en agosto foi substituída pola de 1907. Solidaritat Catalana foi unha coalición de partidos de Cataluña fundada a raíz da promulgación da Lei de Xurisdicións en 1906. Nas eleccións xerais de abril de 1907 obtivo 41 dos 44 escanos que se elixían en Cataluña

Pedro Lago Peñas é profesor de ensino secundario. Licenciado en Historia e doutor en Ciencia Política pola Universidade de Santiago de Compostela. A súa principal área de investigación é a acción colectiva e os movementos sociais.

PARA ESCOITAR O RELATORIO: http://www.ivoox.com/por-solidaritat-catalana-se-presenta-as-eleccions-audios-mp3_rf_4417212_1.html

Financiado con:



Desigualdad, nutrición y brecha rural-urbana en la España contemporánea. Una visión antropométrica

José Miguel Martínez Carrión

Facultade de Historia, Aula de máster do Departamento de Historia
Contemporánea e América. Facultade de Historia
Venres 17 de abril de 2015 ás 10:00

Resumo do relatorio:

Preténdese explorar a dimensión da *urban penalty* e os cambios do benestar biolóxico nas cidades fronte ao mundo rural. Usa como principal fonte de datos as tallas dos recrutamentos militares entre 1857-1936, que nos informan sobre a saúde e a nutrición neta nas cohortes de 1837 a 1915. Sinala que os estudos previos rexistraron unha maior penalización nas zonas rurais que nas cidades e que a talla deteriorouse nas cidades máis industrializadas como consecuencia de ambientes insalubres, do esaxerado emprego infantil e a alta incidencia das infeccións. Os novos datos amosan que en certos ámbitos rurais había un mellor estado nutricional que nalgúns centros urbanos ben provistos de recursos asistenciais; polo tanto, a brecha rural-urbana da estatura foi máis diversa do que pensabamos, por factores non só ambientais senón institucionais.

Relator: José Miguel Martínez Carrión

Título: Desigualdad, nutrición y brecha rural-urbana en la España contemporánea. Una visión antropométrica

Día: 17 de abril de 2015

Hora: 10:00 h.

Lugar: Aula de Máster do Departamento de Historia Contemporánea e América

José Miguel Martínez Carrión (Cartagena, 1957) é Doutor en Historia e Catedrático de Historia e Institucións Económicas da Universidad de Murcia (UMU). Foi fundador e editor (1991-2006) da revista Historia Agraria, revista da Sociedad Española de Historia Agraria (SEHA). Desde 2009 é Secretario General electo da Asociación Española de Historia Económica (AEHE). As súas principais liñas de investigación están centradas na historia económica e social do mundo contemporáneo.

PARA ESCOITAR O RELATORIO: http://www.ivoox.com/desigualdade-nutricion-e-fenda-rural-urbana-na-espana-contemporanea-audios-mp3_rf_4421758_1.html

Financiado con:

SEMINARIOS HISTAGRA 2014-2015



Salarios e distribución da renda en España en
perspectiva histórica: un enfoque crítico

Margarita Vilar Rodríguez
(UdC)

Facultade de Historia, Aula de máster do Departamento de Historia
Contemporánea e América. Facultade de Historia

Venres 8 de maio de 2015 ás 12:00

Patrocina:



Relatora:

Margarita Vilar
Rodríguez

Título: Salarios
y distribución de
la renta en
España en
perspectiva
histórica: un
enfoque crítico

Día: 8 de maio
de 2015

Hora: 12:00 h.

Lugar: Aula de
Máster do
Departamento
de Historia
Contemporánea
e América

**Resumo do
relatorio:**

A conferencia xirou
ao redor da análise
da economía
española desde o
final da guerra civil
até a actualidade a
través do
comportamento dos
salarios

Margarita Vilar Rodríguez é profesora na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña. Autora de varios traballos, entre eles, *Los salarios del miedo. Mercado de trabajo y crecimiento económico en España durante el franquismo* (2009) e é coautora (con L. Alonso e E. Lindoso) da obra *Construyendo empresas. La trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006* (2008), entre outros.

PARA ESCOITAR O RELATORIO: http://www.ivoox.com/salarios-e-distribucion-da-renda-espana-en-audios-mp3_rf_4481796_1.html

Financiado con:



ESCOLMA DE FOTOGRAFÍAS

SEMINARIO DE ALEJANDRO ALONSO



Financiado con:

SEMINARIO DE ALEJANDRO QUIROGA



Financiado con:

SEMINARIO DE EDOUARD LYNCH



Financiado con:

SEMINARIO DE PEDRO LAGO



Financiado con:

SEMINARIO DE JOSÉ MIGUEL MARTÍNEZ CARRIÓN



Financiado con:

SEMINARIO DE MARGARITA VILAR



Financiado con:

OS PROTAGONISTAS



Financiado con: